



CONSORCIO DE
SANTIAGO

Newsletter

Novembro 2021

PATRIMONIO

O Consorcio licita a redacción do Plan Director do Parque da Alameda

O Consorcio de Santiago licitou a redacción do Plan Director do Parque da Alameda, catalogado como Xardín Histórico, por un importe global de 158.721,75 euros. Unha vez adjudicado este servizo, prevese un período de execución de 18 meses. O Plan, que estará dirixido por arquitectos da Oficina Técnica do Consorcio, incluírá os espazos situados entre a trama urbana e a Alameda, así como as conexións e relacións co Campus Sur da Universidade de Santiago.

Rematan as obras de rehabilitación das fontes do Toural e Cervantes

O Concello de Santiago promoveu a restauración das fontes do Toural e de Cervantes, ambas as dúas danadas por vehículos de repartición de mercadorías en senllos accidentes. O proceso realizouse con proxecto e dirección técnica da Oficina Técnica do Consorcio de Santiago.



PUBLICACIÓNS E EXPOSICIÓNS

A Casa do Cabido acolle a exposición “Memorias do Café Derby (1929-2020)”



Memorias do Café Derby (1929-2020) fai un percorrido pola historia dun dos cafés máis emblemáticos de Compostela. Na mostra recrease o espazo orixinal, con algúns dos elementos móbiles como as cadeiras, mesas e lámpadas; así como vaixelas, botellas, xogos de mesa e obxectos de cafetería dos primeiros anos do café. Tamén se recolle un extraordinario álbum fotográfico e documentación inédita. A exposición pode visitarse de martes a sábado de 10 a 14 e de 16 a 20 h, e os domingos de 11 a 14 h.

Preséntase a publicación “Compostela no cinema”

O Consorcio de Santiago e a Editorial Guiverny publican *Compostela no cinema. Apuntamentos da cidade no século XXI*, en colaboración coa Xunta de Galicia e o Centro Galego de Arte Contemporánea. É un traballo da historiadora Yolanda López. Este estudo debulla as claves de once filmes representativos, realizados tanto por directores galegos coma foráneos, organizados en tres bloques: a Compostela literaria, a tradición xacobeana e a cidade transitada.



MÚSICA

A Real Filharmonía de Galicia presenta o seu novo disco, “Atlantic Waters”



A Real Filharmonía de Galicia vén de presentar o seu novo disco, “Atlantic Waters”, realizado coa discográfica Odradek Records e co apoio do Xacobeo 2021-2022. Reúne obras de catro compositores galegos contemporáneos: Eduardo Soutullo (*Jobs and Gates at dawn and other uchronías*), Fernando Buide (*Pasaxes*), Juan Durán (*Pórtico da Illa de Monteagudo*) e Octavio Vázquez (*Viúvas de vivos e mortos*). No mesmo participaron ademais a gaitreira Cristina Pato, a soprano Raquel Lojendio e a arpista Alba Barreiro. A batuta levouna Paul Daniel.

A RFG estrea a ópera “A sombra de Cristal” de Fernando Buide

A Real Filharmonía de Galicia vai estrear a ópera *A sombra de Cristal* de Fernando Buide, con texto e dirección escénica de Quico Cadaval, un encargo conxunto da RFG e a Asociación de Amigos da Ópera de Santiago. Será o 9 de novembro para os abonados e o 10 para o público xeral. Dirixida por Paul Daniel, contará coas voces da soprano María Hinojosa, do barítono César San Martín e do actor Víctor Mosqueira. O concerto, que inclúe ademais *La serva padrona* de Pergolesi, está realizado en coprodución entre a RFG, Amigos da Ópera de Santiago e o Centro Dramático Galego; co apoio do Xacobeo 2021-2022.

